

Actividades dende xullo de 1982 ata novembro do 1986:

Foi este un período, durante o que as actividades da asociación se centraron fundamentalmente nas obras do Centro Cultural (*ver foto 1*). A vella escola laica construída polos emigrantes, necesitaba fortes reparacións, e esta era a prioridade absoluta. Como xa dixemos, fíxose todo baixo o proxecto do técnico municipal D. Miguel Rodríguez Eiras, que fixo saber da necesidade das vigas de ferro que hoxe reforzan a estrutura.

Eran anos en que se empezou a ver que a pedra lucía ao ser vista, que non todo o que se fixera antes era máis “atrasado” nin máis ruín, e así, con máis gana ca medios, e cunha axuda de 250.000 ptas. do Ministerio de Cultura e varias operacións de crédito, moitas veces avaladas polo Concello do que era alcalde D. Casimiro Fernández, e outras por particulares (que chegaron incluso a facer derramas e doazóns) fixeron que todo o pobo se puxese ao labor e que se vise esta empresa como algo colectivo, como cousa de todos e todas, na que se debía axudar, recadar, e en definitiva, dalo todo en favor dese local social que cada vez se vía máis preto.

E consonte con todo isto, foron chegando as pequenas colaboracións persoais de cada un dos membros. Alfredo López, lembra como trouxo unha mesa de televisión e un taboleiro para facer unha táboa de ping pong, co fin de que os xoves fosen vindo, e tivesen algo con que entreterse. Outros achegaron cortinas e os primeiros mobles para facer acolledor ese espazo común tan importante que se estaba fraguando.

Foron tempos de escaseza, que hoxe se lembran con humor e mesmo a melancolía que dá o paso dun cuarto de século. O serradoiro de Elvira serraba, baixaba a intensidade da potencia eléctrica e con ela, a da luz das bombillas existentes, tanto era así, que se notaba perfectamente cando o toro de madeira ía pasando pola serra e cando saía.